

Micorrización inducida e produción de cogomelos

En Vigo, 29 de Outubro de 2019

Nas últimas semanas foron publicadas na prensa varias noticias que se facían eco dunha investigación realizada na Universidade de Valladolid relativas á micorrización de raíces en cistáceas (carpazas) con *Boletus edulis*, sen indicar o xénero ou a especie da planta, nin a cantidade obtida. Por iso desde MycoGalicia Plantae S.L. pensamos que é importante clarificar algúns conceptos e feitos relacionados coa ecoloxía dos fungos, en especial, e cos micorrícicos, en particular.

As micorrizas foron descubertas, polo botánico alemán Frank en 1885, como fungos asociados a algunhas árbores forestais. O termo, na actualidade, resulta máis complexo, porque se refire a diversos tipos de fungos que se xuntan ás raíces de plantas establecendo unha relación de “amizade” na que o fungo ás axuda a captar auga e nutrientes do solo, a defender de certos parásitos edáficos (que viven no solo), a mobilizar certos nutrientes... e elas aportan a materia orgánica que el precisa. De feito, hoxe en día sábese que ningunha planta pode ter unha vida longa se non ten asociados fungos e, aínda máis, algunha, como certas orquídeas, nin sequera poden agromar se o fungo non se asocia xa coas sementes.

Pero, nalgúns casos as células fúnxicas viven no interior da raíz (vesículo-arbusculares ou endomicorrizas) e non producen cogomelos, e noutros, os filamentos (hifas do micelio) rodean a raíz como un dedo dun guante (ectomicorrizas) e si conseguen producir cogomelos.

Non obstante, para que un fungo frutifique, para que dea cogomelos, é necesario controlar numerosos factores ecolóxicos relacionados tanto co tipo de fungo e de planta como da contorna. Relacionar o micelio coas raíces non resulta difícil no laboratorio cando se traballa con material de calidade e en condicións estériles; pero que iso chegue a dar cogomelos é fariña doutro costal.

No mundo micoforestal xa ningún investigador discute que hai especies de fungos que producen cogomelos cando establecen esta comunicación con árbores novas (comunidades fúnxicas pioneiras), e outros fano con árbores maduras (comunidades fúnxicas maduras), por exemplo un piñeiro ou un castaño poden ser micorrizados de novos con bombas de tinguir (*Pisolithus arhizus*) e frutifican ao cabo de pouco tempo (1-2 anos) abundantemente; pero para que existan andoas (*Boletus* grupo *B. edulis*) son necesarias árbores de maior idade e esperar un pouco máis de tempo. O éxito destas investigacións vallisoletanas baséase en que, ao parecer, arbustos do tipo das carpazas (*Cistus*, *Helianthemum...*), micorrizóxenos (afíns a moi diversos fungos) non só se asocian en laboratorio con micelio de *Boletus edulis*, senón que ademais estes chegan a producir frutificacións (andoas).

Mais, precaución nas conclusións. A investigación corresponde a unha tese de doutoramento na que foron conseguidos resultados espectaculares, pero haberá que saber con que especie de carpaza foi feita a inoculación (inseminación) e se cando se leven micorrizadas masivamente ao campo funcionan nunha alta porcentaxe. O proceso non é barato, así que para que poida ser utilizado debe dar resultados e poderse repetir a experiencia de forma habitual, o que por agora non parece estar probado.

Andrés Cordeiro

Administrador de MycoGalicia Plantae (EBT da Universidade de Vigo)